



a cidade gris e a chegada das caléndulas

por andré gomes santos

A cidade gris e a chegada das caléndulas

André Gómez Santos

1ª edición, abril do 2023

Estes poemas foron escritos en 2020

As fotografías foron realizadas polo autor. A pintura fotografada é de Detlef Kappeler.

Edición do autor

Depósito Legal: C 615-2023

Diese Gedichte sind für meine Liebe, Rosina.

Estes poemas son tamén para o Tomé, a Alba, o Anxo, a Sandra, a Cris, o Carlos, a Déborah, para miña nai e meu pai, meu irmau Xurxo, miña tía Mari Carme, meus tíos Xosé Luís e Victoria, para o Antom, a Celeste, o Rupert e a Renate e para todas as persoas que me queren e teñen paciencia comigo.

Grazas especialmente a Xose Luís Santos Cabanas por axudarme a amansar o meu galego ourensán.

da vida na cidade

*En Viena bailaré contigo
con un disfraz que tenga
cabeza de río.*
Federico García Lorca

arelamos o día en que o carballo rebente as beirarrúas
o día en que o trebón asolague a cidade
o río azorrrará a estulticia

ficaremos nós mailos pardaos
sonará un himno grandioso que non exclúa a ninguén
beberemos o licor que abrolla da humanidade
danzaremos en Viena Berlín Valga Coristanco Entrimo
un valse non moi grande



a casa branca

a casa branca en fronte
dá cara ó mar

coa roupa branca deitada ao sol
ilumina o mundo enteiro
nace nos teus ollos

quenta o inverno -o outono xa non existe-

a resaca
os pronomes mal colocados

si que se pode escribir poesía despois de Auschwitz
o cheísmo

unha bandeira é un farrapo
unha bandeira é ideoloxía
a ideoloxía é un farrapo?



cheiro a café
sol
autoestrada
a clase obreira

entre as estruturas férreas
emerxe a vida

as árbores rebélanse
contra os artefactos creados para aniquilarnos
lentamente

O Universo é un poema mal prantexado. O universo é un erro. A súa razón de existencia é o erro. Somos, pois: erros na resaca.
Estevo Creus.

cando a cidade
espertou
a luz reflectía nas fachadas das casas
brancas
infestadas
de sucidade
os seus habitantes
intentaban por calquera medio
ser felices

tensión
pétalos da orquídea
a caer
sobre a cidade sucia
van e veñen
non son

a negación da humanidade

non hai unha maneira única de facer as cousas
suspiras
mentres o sol marcha
se marcha bailarei coa lúa
tremeranme as pernas

non non quero saber nada de vós
nin unha palabra desas que empregades sen sentir
ás ordes do exército silandeiro
no entanto
presumides de estar na súa contra


da tenda de souvenirs e da hipocrisia

fachendoso cliente
que te cres máis
por uns euros que tes
non sei onde nin por que
descoñeces o significado das palabras, alienación, hexemonía

leva un *souvenir*
e o meu absoluto desprezo

bye bye
vai ao carallo

a violencia da convención
da banalidade
as súas palabras
saber o que vai seguir
a cada unha das sílabas
a violencia da conversación
da vacuidade
non quedes fóra
ou serás sinalado
aprende a ser parte
da futilidade



a canto sae o poema?
pregunta burguesa decadente intento de
quiero un poema que combine con mi sofá

érguete

almorza

vai traballar

froiz gadis carrefour lidl tanto ten

telexornal: pib, crise dos refuxiados, socialdemocracia, neoliberalismo

unha estrela outra estrela

viaxar a destinos hiperbóreos tropicais exóticos subdesenvolvidos

én avións nos que non che collen as pernas

e volver

capital serodio crueldade
saboría de muller anciá
desprezada na multinacional
conversa pai fillo
espiada por zuckerberg

solidariedade e empatía non se poden mercar
non seredes capaces non nunca
de monetizar a beleza do mundo

Rosalía borboriña que a negra sombra aínda non se foi
e o Kurt vomita agonía en cada berro gutural
mentres se escribe este tuit do *desasossego*

El que vee la mota en el ojo ajeno, vea la viga en el suyo.
Miguel de Cervantes parafraseando a Biblia.

mercaches unha camiseta moi revolucionaria
non miraches a etiqueta
saúdante as nenas que a teceron
e todo o CO₂
que foi o único que conseguiches liberar

discursos grandilocuentes
prácticas incongruentes



lugar común non é arte
un panfleto é un panfleto
Franco prohibe o Último Tango en París
hoxe tamén o prohibe xente que di loitar pola liberdade
falar sen escoitar será masa será Facebook non é debater

*el pequeno barco batía contra las rochas
desta manera acabó esnaquizado
milito en un partido nacionalista
abofé que lo hago
pero a mi hijo le hablo en castellano
en el colexio privado vaille moi ben*

*calquera persoa que ouse marchar do meu partido
es un españolista, no cabe dúbida*

*la belleza del lenguaje
es ajena al nacionalismo*

me compadezco del monolingüe

el eco de millones de registros lingüísticos cubre el mundo

y nos protege ante la indecente certeza

*Magia negra entre tus manos
Mil caballos desbocados
Corren con el morro en llamas
El fuego baila y tú cantas
María Arnal.*

danzaremos en Viena
mentres todo arde
a inevitábel caída do capitalismo
prognosticada por Marx
-e que xa tarda máis da conta-

a soidade anega espazos cheos de xente
moita wi-fi ningunha conexión

todo o sofrimento deste mundo
veu onda min
volvendo do supermercado
bágoas de indíxenas
no máis triste atardecer da postmodernidade

beleza na tristura
sorte na amizade



*E cando os lóstregos son de soidade,
tristes arestas que rexeitan corpos abatidos,
a penas fica a pedra.*
Xosé Luís Santos Cabanas.

*a blazing sun
in the middle of the dirty city*
non deixaba apenas respirar

mediocres moinantes aniquilan desde elevadas cadeiras
as lámpadas fluorescentes baten na pedra medieval

un escintileo nos ollos da rapaza *with the sun in her eyes*
presaxia
que a *hard rain's a gona-fall*

pois mentres escribes o poema
miles de ducias de bombas caen sobre as desherdadas
mentres escribes o poema
porque che gustaría berrar TAN ALTO
tan alto que derrubase toda a superestrutura
escribes o poema
porque che gustaría berrar MÁIS ALTO

mais a guerra segue aí

la grande bellezza

enchiches de poemas a cociña
e axexou un coello branco

procurabas a beleza
nunca deixaches de buscala

mesmo cando ficabas atrapado
o teu cerebro ás veces pode ser o módulo 3 do Cárcere de Aranjuez

a beleza é moi lenta
non corras

o inmediato
destrúe o fogar da eiruga



recrearme no meu fedor
os domingos pola mañá
coleccionar libros vellos
escribir poemas
que desaparecen
como se esmagan as flores

*non ves que non podemos saír?
non oes a praia baixo a nosa casa?*
María Lado.

ás 12 estou sentado
como sentan os xeranos
i can't complain
ou iso din
fítame a catedral
fítoa
un ceo dun azul intenso como o amor de miña mai
envólvenos
nesta espera perpetua

o luns chorei un deserto de bágoas
atrapado na espera sen comezo nin fin
pasaron choivas, trebóns, días claros, solleiros
non pasaba nada
apenas unha flor un raio de sol
outro luns
outro anuncio de dispositivo que ninguén precisa
outra dose absurda a encher unha pantalla

por cada vez que lle tiramos o queimado ás torradas
e empurramos forte cara adiante
todas as bágoas
que caeron
unha tras unha
e que formaron o Océano Atlántico
o torrente de palabras
que nos salvou
das mañás frías
da escuridade da noite
e de Inditex

Lar Legido

a choiva bate na pedra
só un vello percussionista escoita a música
tropezaches de fronte coa absurdeza
ansiosa por sentir, balbucos
que non soportas a ignominia
e escachas unha botella de cervexa
contra o ollo da besta
que xeme

mais segue devorando ás súas fillas



Jazz

fervenza
cores
a caer
a cachón
a erosionar
pedra
pingas
repenicaban
parindo
formas
así
por séculos
sen perder
o compás
agochada
salvaxe
diáfana
jazz

contra todo prognóstico
a mazaira:
dialectalismo
-como se toda palabra
non fose un dialectalismo-

en Galicia
a normativa
é cuestión nacional
-ou autonómica?-
en España se habla español

as cadeiras das academias
persisten suntuosas

música
a repenicar sobre a pedra de Compostela
sol
a trazar feitíos na mesma rocha
corpo
que non soportas tanta fermosura

as árbores sen follas
cantaruxaban unha antiga canción árabe
espidas
semellaban trazadas por Goya ou por Castelao
e ficaban inmóbeis á espera dun estourido de vida
o autobús deixaba atrás Ourense
en canto o aparato cuspía radio fórmulas
Compostela achegábase gris
unha xungla de metal
na que aínda resistía a pedra pretérita
e algún aimará entre o salvaxe neoliberalismo

Para a Nuria Rosina

*Die beiden Türe der Welt
stehen offen:
geöffnet von dir
in der Zwiennacht.
Wir hören sie schlagen und schlagen
und tragen das ungewisse,
und tragen das Grün in dein Immer.
Paul Celan.*

sol boreal a alumear esqueletos de árbores
curvas cheas de vida
mentres Patti Smith ouvea na furgoneta

a foresta estouraba en balbordos expresionistas
e ti cantabas no asento da piloto
trazabas un camiño
e eu xa non tiña medo
e eu xa non vía os eucaliptos

Detlef Kappeler

emerxe
cal leviatán
coa forza dun obreiro do metal

ser humano é enfrotar o absurdo
ser humano é un ser estraño
ser humano é ser

a meu pai

a luz da mañá
nos Pirineos
dálle un pouco de sentido
á apocalipse do capitalismo tardío
os piñeiros cubertos de neve
disimulan a estulta verdade
seguiremos a atopar beleza
onde os cretinos só ven números

decidín alzarme sobre o rebumbio
escoitei a calma
apoiado na fiestra
envolvíame a noite
o luar
e fiqui dormido

soñei
que as macetas caían
plantas batendo nas laxes

a beleza é fráxil
e persistente

en Madrid, para a Alba

no cerne do imperio
estoura primavera
abrochan flores vermellas negras
a derrotar o gris formigón
agroma luz intensa cegadora
pequenas formigas constrúen utopia



A Virginia Woolf

fuches ao Arnoia
cos petos do abrigo cheos de pedras
non afundías
ascendías
coma un bidueiro

vagalumes multicolores
a cidade intoxicada
desfixo toda pretensión
un camelo xordo paseaba

para o Tomé

de entre os regulamentos
abrollan gomos verdes
en libros de planificación económica
asoman flores
no medio de aburridos panfletos políticos
estalan aturuxos
os estatutos
recollen alegatos retranqueiros
en libros escritos por grises teólogos
foden sen descanso multitudes
en manuais de universidade
cheira a concerto garito pequeno cervexas *whisky rock n' roll*

os burócratas non entenden
non é posíbel deter a vida

tódalas cores do mundo xurdiron ante nós
nun callón de verdes azuis morados *bourdeaux* amarelos rosas cianos
tódalas cores do mundo
soando como a novena de Bethoveen
Afrodita sorrí desde o seu trono, vaidosa
cuberta con todo o ouro do mundo
con todas as flores de Xea

a Maceda

de súpeto
a tristura non cabe no seu peito
pretende ateigar o mundo
cuspir cores primaveras
derrubar imperios
danzar
so a sombra dos felos na serra
sementar paz
en éxtase ritual chamánico

a voz de Vedder en arcos da moura cobrería o aire

*A súa tristura é máis intensa a cada intre. Enorme, infinita. Se puidese saír do seu peito
inundaría
o mundo enteiro.
Anton Chekhov.*

a voz de Jade Bird
furia desatada
bágoas
tronos
beleza
tristeza
fermosura
azul

*La lutte elle-même vers les sommets suffit à remplir un cœur d'homme. Il faut imaginer Sisyphe
heureux.*
Albert Camus.

o cativo pregunta
nunca obtivo resposta
de maior
a nada
pola mañá
pola tarde
á noite

dixo un escritor francés
o mesmo que o pobo galego
nunca choveu
que non escampara